



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 20 DE NOVEMBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.
- Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se nomea director xeral de Comunicación a Marcos Gómez Román.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Decreto polo que se dispón que cese Ángel Bernardo Tahoces como director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
- Decreto polo que se dispón que cese Sol María Vázquez Abeal como directora xeral de Comercio e Consumo.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais a Paula Uría Traba.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Comercio e Consumo a Manuel Heredia Pérez.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

da glorieta no punto quilométrico 98+340 da AC-550, de clave: AC/19/076.06, no Concello de Porto do Son (A Coruña).

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Rois de varias franxas de dominio público viario e varios treitos antigos nas estradas AC-301 e AC-543.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para a execución do Plan de sustentabilidade turística na Ribeira Sacra, por importe total de oitocentos cincuenta mil euros (850.000,00€).
- Proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a execución do Plan de sustentabilidade turística na cidade de Santiago de Compostela, por importe total dun millón de euros (1.000.000,00€).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que exime de constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da convocatoria para o exercicio 2021 das axudas para a instalación, reforma e adaptación das terrazas dos establecementos de hostalaría e restauración e a adquisición de elementos de envasado e empaquetado para o servizo de consumo no domicilio, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe total de tres millóns de euros (3.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 75% da subvención, a superación do límite do 80 % nos pagamentos anticipados e á conta e a exención da presentación de garantías para estes, establecidos nas bases reguladoras e na convocatoria de 2021 para a concesión de axudas para o financiamento de proxectos colaborativos nas áreas estratéxicas dos Hubs de innovación dixital que permitan avanzar na súa especialización e consolidación dentro do marco da RIS3 Galicia (Programa CONECTA Hubs), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do programa



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe de seis millóns oitocentos mil euros (6.800.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se establecen as directrices que deben seguir as distintas consellerías na tramitación dos plans de dinamización das áreas Rexurbe.
- Acordo polo que se determinan os estándares mínimos dos medios materiais e humanos, así como os criterios, os requisitos e a solvencia técnica que deben cumprir os centros de rexeneración urbana de interese autonómico.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a concesión directa de subvencións ás entidades locais para o financiamento do programa extraordinario de apoio no contorno familiar para a atención temporal e urxente de todas as persoas que o necesitaron como consecuencia da pandemia de covid-19. Importe: seis millóns de euros (6.000.000 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a formación sanitaria especializada ano 2020-2021.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a Estratexia do sector lácteo.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe acerca da proposta de cesamentos e nomeamentos dos presidentes das autoridades portuarias da Coruña, Ferrol-San Cibrao, Vigo e Vilagarcía.

A XUNTA APROBA OS ORZAMENTOS MÁIS ALTOS DA SÚA HISTORIA CON MÁIS DE 8.500 MILLÓNS DESTINADOS A GASTO SOCIAL E O MAIOR INVESTIMENTO PRODUTIVO PARA REACTIVAR GALICIA

- *As contas do vindeiro ano medran un 14 % e ascenden a 11.563 millóns de euros*
- *O gasto en xuros de débeda sitúase por debaixo dos 100 millóns, o máis baixo desde hai 25 anos*
- *A Xunta non subirá impostos nin ás familias nin ás empresas e consolida as rebaixas fiscais aprobadas nos últimos anos*
- *Conxélanse as retribucións do Executivo galego e aplicarase a suba salarial acordada do 0,9% para todos os empregados públicos*
- *Inclúense 2.592 millóns de euros para investimento produtivo, un 53,3% máis que neste exercicio*
- *Como novidade, o orzamento do ano que vén contará con catro novos instrumentos para loitar contra a pandemia, reactivar a economía e o emprego e financiar as infraestruturas sanitarias*
- *Créase o Fondo Consenso cunha dotación do 1% do gasto non financeiro para financiar os proxectos de investimento que se acaden na Comisión de Reactivación, no marco do diálogo social e por parte do Comité de Expertos Económicos*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2021, os presupostos máis altos da historia de Galicia con máis de 8.500 millóns de euros destinados a gasto social e o maior investimento público produtivo para reactivar Galicia.

Os orzamentos do vindeiro exercicio medran un 14% e ascenden a 11.563 millóns que permitirán seguir combatendo a pandemia e impulsar a economía. Ademais, o gasto en xuros de débeda sitúase por debaixo dos 100 millóns de euros, o máis baixo desde hai 25 anos para poder gastar máis nas prioridades dos cidadáns.

En materia de política fiscal, a Xunta non subirá os impostos nin ás familias nin ás empresas en 2021 e consolidará as rebaixas fiscais aprobadas nos últimos anos. Deste xeito, o vindeiro ano, máis de 115.000 familias beneficiaranse de novo das rebaixas de impostos aprobadas polo Goberno galego desde 2016. Ademais, os orzamentos do ano que vén conxelan as retribucións do Goberno galego e aplicarán a suba do 0,9% para todos os empregados públicos.

Reforzo extraordinario do gasto social e dos investimentos

Este orzamento excepcional reforza de maneira moi importante o gasto social (sanidade, educación e políticas sociais) e as políticas emprego. Así, estas contas de 2021 inclúen o maior gasto social da historia da Comunidade que ascende a 8.540

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

millóns de euros, 864 millóns máis que no vixente exercicio. Refórzase a sanidade con 475 millóns, a educación con 166, as políticas sociais con 126 millóns de euros e o emprego con 97 millóns de euros.

Ademais, o proxecto de lei aprobado hoxe polo Consello da Xunta tamén inclúe o maior investimento produtivo da historia, que medra un 53,3% con respecto a este ano e acada a cifra récord de 2.592 millóns de euros para impulsar a reactivación económica.

Novos instrumentos

A principal novidade dos orzamentos de 2021 é que Galicia disporá de catro novos fondos que lle permitirán contar, pola súa vez, con novos instrumentos para acometer os retos a que se ten que enfrontar a comunidade galega. Estes novos instrumentos son o Fondo COVID, o Fondo REACT, o Fondo Consenso e o Fondo de Garantía de Infraestruturas Sanitarias.

O Fondo COVID está dotado con 503 millóns de euros destinados a seguir combatendo a pandemia. Destes 503 millóns, destacan 267 millóns para sanidade, 92 para educación, 80 para política social e 13 millóns para o turismo, para reforzar a súa reactivación e lograr o mellor Xacobeo 2021 posible. Ademais, faise unha reserva estratéxica de 33 millóns de euros que permita contar con recursos para reforzar calquera necesidade derivada da evolución da pandemia ou que poida xurdir no futuro.

O fondo REACT-EU, cun importe de 430 millóns, está destinado a impulsar a reactivación económica e o emprego. Este instrumento dispón de cinco liñas de actuación a dous anos: emprego e igualdade, reforzo do sistema sanitario desde o punto de vista económico, transición dixital, dinamización económica e transición verde.

Ademais, como novidade, créase por primeira vez o Fondo Consenso, cunha dotación do 1 % do gasto non financeiro dos orzamentos (115 millóns de euros), que terá a finalidade de financiar os proxectos de investimento acordados no marco da Comisión parlamentaria de reactivación económica, no marco do diálogo social e nas recomendacións do Comité de Expertos Económicos de Galicia. Dos 115 millóns, 43 están incluídos no REACT-EU e 72 millóns son de fondos propios.

Finalmente, o Fondo de Garantía de Infraestruturas Sanitarias, de carácter plurianual estará dotado con 105 millóns de euros no ano 2021 para financiar durante toda a lexislatura a construción e reforma de infraestruturas sanitarias.

En definitiva, son uns presupostos excepcionais para un momento excepcional e que permitirán atender tres prioridades: combater as necesidades da pandemia con



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

maiores recursos e cunha reserva estratéxica para as posibles necesidades que vaian xurdindo; reactivar Galicia co maior impulso posible para dinamizar e reactivar todos os sectores económicos e recuperar a actividade perdida canto antes, e atender as necesidades das familias e das empresas. #galicia_reactívase



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PRESIDENCIA**DIRECTOR XERAL DE COMUNICACIÓN****Marcos Gómez Román**

Naceu en Vilalba en 1981. É licenciado en xornalismo pola USC e traballa na Xunta de Galicia desde o ano 2009. Primeiro como xefe de prensa da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e desde xaneiro de 2020 como xefe de prensa da Presidencia da Xunta.

Con anterioridade formou parte do equipo fundador do diario Xornal, onde exerceu como redactor entre novembro de 2008 e maio de 2009. Entre novembro do 2005 e outubro do 2008 foi redactor na axencia Europa Press Galicia, na delegación de Santiago. E, entre o 1 de xullo do 2003 e outubro de 2005 foi redactor da Axencia Galega de Noticias.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A PAULA URÍA TRABA COMO DIRECTORA XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS

- *Enxeñeira industrial na especialidade enerxética pola Escola Politécnica Superior de Ferrol era, desde o ano 2015, subdirectora xeral de Enerxía*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que nomea a Paula Uría Traba (Ferrol, 1975) como directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Paula Uría, enxeñeira industrial na especialidade enerxética pola Escola Politécnica Superior de Ferrol e Máster en xestión de enerxías renovables pola Universidad de Cádiz, é funcionaria no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, na escala de enxeñeiros industriais. A súa traxectoria profesional está ligada á Administración autonómica, na que desempeñou diversos cargos tanto no Inega como na anterior Dirección Xeral de Enerxía e Minas da que era, desde 2015, subdirectora xeral de Enerxía. Esta experiencia fai que destaque polo seu amplo coñecemento dos tempos e da xestión na administración.

Como nova directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, afronta o reto de abordar a transición ecolóxica para contar cunha Galicia máis verde e impulsar o uso das enerxías renovables tanto no eido industrial como doméstico. Deste xeito, poderá continuar o labor realizado por Ángel Bernardo Tahoces, a quen a Xunta agradece a súa dedicación á fronte deste departamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MANUEL HEREDIA PÉREZ COMO NOVO DIRECTOR XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

- *Con estudos na Universidade de Artes de Londres, a súa traxectoria laboral está vinculada ao sector do comercio e o téxtil desde hai máis de vinte anos, con experiencia nos mercados nacionais e internacionais*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Manuel Heredia Pérez (Madrid, 1976) como novo director xeral de Comercio e Consumo da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Con estudos na Universidade de Artes de Londres, a traxectoria laboral de Heredia está vinculada ao sector do comercio desde hai máis de vinte anos, tanto en establecementos retallistas na cidade da Coruña como no sector téxtil, no ámbito do deseño e no departamento de compras de empresas como Pull and Bear, PVH Arrow e Zara, con responsabilidades nos mercados nacionais e internacionais.

Desde hai un ano Heredia Pérez traballaba para a compañía Guess Europe en Suíza, como responsable de produción de prenda exterior e denim para o mercado europeo. Substitúe a Sol Vázquez Abeal, que estaba no cargo desde 2013, e a quen a Xunta de Galicia agradece o seu traballo para impulsar programas que contribuíron á modernización do sector comercial galego.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA NA ESTRADA AC-550 EN XUÑO, EN PORTO DO SON, PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NA CONTORNA

- *A actuación conta cun investimento autonómico superior aos 320.000 euros, en que se inclúen a expropiación dos 7 predios necesarios para executar as obras*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre de 2021*
- *Executarase unha glorieta no punto quilométrico 98+340 da estrada, no lugar do Cruceiro, no cruzamento coas vías da igrexa de Santa Mariña e da praia das Furnas*
- *A intervención manterá os aparcadoiros na zona, que se adaptarán ao novo trazado da glorieta*
- *Para favorecer a seguridade do tránsito peonil, implantarase un paso de peóns en dirección a Ribeira a unha distancia de 35 metros da glorieta*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a construción dunha glorieta na estrada AC-550, na parroquia de Santa Mariña de Xuño, no concello de Porto do Son, para mellorar a seguridade viaria na contorna.

O orzamento estimado polo Goberno galego para esta actuación supera os 320.000 euros, en que se inclúe o pagamento das expropiacións dos 7 predios precisos para executar esta actuación.

Trátase de reforzar a seguridade viaria coa execución dunha glorieta no punto quilométrico 98+340, no lugar do Cruceiro, na intersección que conecta a estrada autonómica coa vía que leva á igrexa de Santa Mariña pola marxe esquerda; e coa vía que se dirixe ao colexio, ao centro de saúde e á praia das Furnas, pola marxe dereita.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre de 2021. As obras teñen un prazo de execución de 3 meses.

Segundo o proxecto da obra, construírse unha glorieta dun diámetro de 28 metros, que busca que os condutores perciban mellor o cambio entre a zona urbana e a interurbana e que, deste modo, moderen a súa velocidade.

Os principais traballos consistirán na execución desta rotonda, con catro vías que concorren nela. Estas vías que acceden á glorieta contan cun ancho de 3,50 metros por carril, salvo o que dá acceso á praia das Furnas, en que se adoptará o ancho actual de 2,50 metros.


INFORMACIÓN AOS MEDIOS
 Consello da Xunta

O proxecto de execución mantén os aparcadoiros existentes na zona que se vai reordenar, tanto na marxe dereita como na esquerda, pero adaptaranse ao novo trazado da glorieta.

A estrada AC-550, ao seu paso pola zona da actuación discorre por travesía, conta con beirarrúas pola marxe dereita ao longo de toda a lonxitude e pola esquerda a partir da intersección. Para favorecer a seguridade do tránsito peonil, implantarase un paso de peóns en dirección a Ribeira a unha distancia de 35 metros da glorieta.

As actuacións inclúen a reposición do firme, a sinalización, tanto horizontal coma vertical, e as defensas que cómpre colocar tras a execución das obras.

No seguinte plano pode verse a planta xeral da actuación:



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE ROIS DE VARIAS FRANXAS DE DOMINIO PÚBLICO VIARIO E TREITOS ANTIGOS DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS AC-301 E AC-543

- *Trátase de franxas e treitos que discorren integramente polo termo municipal*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta mantén dentro da competencia autonómica a calzada e beiravías no caso dos treitos da AC-543*
- *O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Rois, de varias franxas de dominio público viario e treitos antigos nas estradas autonómicas AC-301 e AC-543.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes da Axencia Galega de Infraestruturas por petición do Concello de Rois, formula proposta favorable de transferencia das franxas de dominio público viario e dos treitos antigos que descorren na súa totalidade polo termo municipal.

Está previsto manter dentro da competencia autonómica os sobreanchos que están fóra de solo urbano ou non están ordenados. Polo tanto, acórdase o cambio de titularidade dos treitos antigos e franxas de dominio público viario, agás calzada e beiravías, da estrada autonómica AC-543 así como os treitos antigos desta.

A transferencia a prol do Concello de Rois tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Goberno galego, o Concello terá a competencia para actuar nos tramos transferidos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA DA LUZ VERDE Á SINATURA DE DOUS CONVENIOS POR 1,8 MILLÓNS DE EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PLANS DE SUSTENTABILIDADE DE COMPOSTELA E A RIBEIRA SACRA

- *Os convenios executaranse a través de Turismo de Galicia, que fará as achegas económicas nunha soa anualidade no caso da Ribeira Sacra e en tres anualidades para o Plan de sustentabilidade de Santiago*
- *A Xunta cofinancia ambos os proxectos en colaboración coa Secretaría de Turismo do Estado, e as dúas entidades locais beneficiarias, o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra e o Concello de Santiago.*
- *O obxectivo destes plans é garantir un desenvolvemento turístico que contribúa a modernizar o destino Santiago e a desenvolver a Ribeira Sacra como destino turístico do rural dun xeito ambiental, económico e socialmente sustentable*

A Xunta de Galicia vén de autorizar a sinatura de dous convenios de colaboración para o desenvolvemento dos dous plans de sustentabilidade aprobados pola Conferencia Sectorial de Turismo para Galicia. Os convenios supoñen un investimento total de 1.850.000 euros por parte do Goberno galego que permitirán avanzar na modernización da oferta turística en destinos pioneiros e para a activación turística no rural. O investimento executarase a través de Turismo de Galicia, que asinará o convenio coa Secretaría de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e as entidades locais beneficiarias, que tamén farán as súas correspondentes achegas ata sumar un importe total de 4,8 millóns de euros para o desenvolvemento turístico destes dous destinos.

Así, para o Plan de sustentabilidade de Santiago de Compostela, a Xunta consigna un importe de 1 millón de euros que se repartirá en tres anualidades entre 2020 e 2022. A máis cuantiosa será a primeira, de 800.000 euros, que se consignará este ano e outras dúas de 100.000 euros para 2021 e 2022.

A achega da Xunta supón a terceira parte do investimento total que se fará en Compostela a través deste plan, que será de 3 millóns de euros.

Modernización do destino

A modernización como destino turístico intelixente e sustentable é o obxectivo fundamental deste plan de sustentabilidade aprobado para Compostela. Un plan que persegue impulsar a renovación do modelo turístico da cidade como referente mundial do turismo a través dun novo modelo de gobernanza baseado na diversificación dos produtos turísticos, a posta en valor do seu patrimonio e o reforzo do Camiño de Santiago como nexo de universalidade baixo o prisma dun sistema turístico baseado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

na intelixencia e a sustentabilidade que sitúe as persoas no centro do modelo de desenvolvemento turístico.

No caso do plan de sustentabilidade da Ribeira Sacra, a achega da Xunta será de 850.000 euros nunha soa anualidade, que se fará efectiva neste 2020. O investimento total que se fará na Ribeira Sacra a través deste plan será de 1,8 millóns de euros para a execución do conxunto de actuacións que teñen como obxectivo garantir a sustentabilidade ambiental, económica e social no proceso de consolidación da Ribeira Sacra como destino turístico, na liña de traballo da candidatura a Patrimonio Mundial.

Desenvolvemento sustentable

Entre os proxectos que se levarán adiante no marco deste plan de sustentabilidade inclúense accións que contribuirán a equilibrar o modelo de desenvolvemento turístico apostando pola mellora da sustentabilidade, a innovación, a accesibilidade e a capacidade de gobernanza de destinos pioneiros coma este, no cal se traballará para a creación de servizos turísticos atractivos e rendibles adaptados á realidade do territorio, en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) establecidos na Axenda 2030.

Dúas propostas galegas entre 25 beneficiarias

Cómpre destacar, por último, que os dous plans de sustentabilidade aprobados na última Conferencia Sectorial de Turismo para Galicia foron escollidos entre un total de 154 proxectos presentados para esta convocatoria. Os galegos foron os elixidos xunto con outras 23 propostas de 13 comunidades autónomas, 18 pertencen a destinos rurais e de interior, como o da Ribeira Sacra, e sete a enclaves pioneiros e maduros, como é o de Compostela.



A XUNTA ACTIVA NOVAS AXUDAS PARA FACILITAR A RESTAURANTES E CAFETARÍAS O ACONDICIONAMENTO DE TERRAZAS E AS VENDAS A DOMICILIO OU PARA LEVAR

- *O Goberno galego destina 3 millóns de euros a esta liña de apoios que permitirá a 1400 autónomos e pemes manter a súa actividade en condicións de seguridade*
- *Apoiarase a instalación de pechamentos estables ou desmontables, a compra de mobiliario e a adaptación dos espazos exteriores, ademais da adquisición de materiais de empacotado de comidas e bebidas*
- *Enmarcadas no Plan de reactivación económica, as axudas concederanse por orde de entrada da solicitude e acadarán o 80 % dos investimentos, que poden estar realizados desde o pasado 1 de outubro, cunha axuda máxima de 20.000 euros e anticipos da metade do importe no momento da concesión*
- *Poden ser beneficiarios os establecementos de menos de 50 empregados e o prazo de presentación de solicitudes rematará o 28 de febreiro de 2021*
- *A medida súmase ás promovidas polo Goberno galego desde o inicio da pandemia para apoiar os sectores económicos máis afectados no novo contexto económico*

A Xunta de Galicia destina 3 millóns de euros a unha nova liña de axudas dirixida aos sectores da hostalaría e a restauración para facilitar a súa actividade e que sexa compatible coas medidas de protección da saúde de clientes e traballadores no momento actual da pandemia da covid-19. Así, tal e como se informou hoxe no Consello, o programa que se activará nos vindeiros días achegará apoios inmediatos a 1400 establecementos galegos para que restaurantes e cafetarías poidan adecuar os seus espazos exteriores e adquirir elementos de envasado de comida e bebida para a entrega a domicilio ou a recollida no local.

Esta liña da Vicepresidencia económica a través do Igape ofrecerá apoios directos que cubrirán o 80 % do investimento a autónomos e pemes de menos de 50 traballadores, desde un mínimo de 1500 euros de investimento ata un máximo de 25.000, sendo polo tanto a axuda mínima de 1200 euros e máxima de 20.000. Ademais, inclúen a achega de anticipos no momento da resolución favorable da axuda pola metade da contía dos gastos realizados.

En concreto, as axudas poderán destinarse a cubrir os gastos e investimentos realizados para instalar no exterior de restaurantes e bares pechamentos estables ou elementos desmontables que sirvan de illamento ou protección, como toldos, biombos, parasoles e tarimas. Ademais, poden aplicarse á renovación do mobiliario e á instalación de sistemas de iluminación e de aparellos calefactores nas terrazas, así como á mellora da fachada exterior dos establecementos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Para facilitar o consumo a domicilio, a liña tamén inclúe como gastos que pode sufragar a adquisición de elementos de envasado e empaquetado de comida e bebidas para o servizo de entrega a domicilio ou a recolla no propio establecemento, que deberán ser 100 % biodegradables.

Os investimentos subvencionados poden ser novos ou estar xa realizados desde o pasado 1 de outubro e o prazo de presentación de solicitudes finalizará o 28 de febreiro do vindeiro ano. Estas axudas, de concorrencia non competitiva –e polo tanto concederanse por rigorosa orde de entrada–, contan co cofinanciamento do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Enmarcada no Plan de reactivación económica e social, a medida súmase ás promovidas desde o inicio da pandemia polo Goberno galego para apoiar os sectores máis afectados no novo contexto económico.

Nese sentido, o Goberno galego deseñou, da mans dos axentes sociais e económicos, tres liñas de axudas ás que tamén se poden adherir os establecementos hostaleiros a través do Plan de rescate de persoas traballadoras autónomas e microempresas. Os apoios desta iniciativa están dirixidos, polo tanto, aos autónomos (con e sen persoal contratado ao seu cargo), ás microempresas e autónomos con persoal e aos establecementos hostaleiros situados nalgún dos concellos con maior incidencia epidemiolóxica que se vexan afectados polo peche da súa actividade debido á normativa sanitaria. As tres liñas de axudas son compatibles entre si, polo que un establecemento hostaleiro poderá optar a apoios de entre 6.700 e 9.200 euros. O primeiro dos apoios -dirixido a autónomos con e sen persoal contratado ao seu cargo- está xa activo, e nos próximos días publicaranse no DOG as outras dúas liñas restantes.

A maiores, a Xunta de Galicia tamén vén de complementar estes apoios a través dun novo programa cuxa [convocatoria](#) se publica hoxe no Diario Oficial de Galicia (DOG) e que achega créditos de entre 3000 e 500.000 euros por negocio para axudar aos sectores que teñen máis dificultades para acceder ao financiamento privado, como o ocio nocturno e a hostalería, a industria cultural, as orquestras, a economía social, o comercio estacional e as feiras. Trátase de préstamos con xuros baixos (próximos aos 0%) que se poderán amortizar en sete anos, incluíndo ata tres de carencia.



GALICIA PON A DISPOSICIÓN DO SEU TECIDO EMPRESARIAL 6,8M€ EN AXUDAS PARA FINANCIAR PROXECTOS DE I+D+i COLABORATIVOS NO EIDO DA DIXITALIZACIÓN

- *A Xunta, a través do programa Conecta Hubs, prevé apoiar ao redor de 10 iniciativas que mobilizarán 18M€ e que estarán aliñadas coa Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia e cos obxectivos do Programa Europa dixital*
- *Tanto a I+D como a innovación en proceso, organización e produto teñen cabida nesta nova iniciativa autonómica que proporciona un esquema de apoio completo para reforzar a resiliencia das pemes galegas e favorecer a súa competitividade nunha contorna internacional*
- *Apoia principalmente as pequenas e medianas empresas con maiores dificultades para o acceso a recursos e competencias, o que as acompañará na súa transformación dixital*
- *Os proxectos apoiados desenvolveranse sempre en cooperación entre pemes e permitirase a participación de grandes empresas cando actúen como tractoras*

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, aprobou a convocatoria do novo programa Conecta Hubs, ao que destinará 6,8M€ co obxectivo de ofrecer financiamento a proxectos de I+D+i colaborativos que encaixen nas áreas estratéxicas dos dous Hubs galegos de innovación dixital que xa foron seleccionados. Prevese apoiar ao redor de 10 iniciativas que poderían mobilizar 18M€.

Os proxectos, que se desenvolverán a través da cooperación entre pemes principalmente, deben dar resposta aos obxectivos da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia e estar aliñados cos retos do Programa Europa dixital: informática de alto rendemento, intelixencia artificial, ciberseguridade e confianza, competencias dixitais avanzadas e despregamento e mellor uso das capacidades dixitais e interoperabilidade.

O programa contará con dúas liñas segundo a tipoloxía de proxecto. Por unha parte, apoiaranse actuacións de investigación industrial, desenvolvemento experimental ou innovación en proceso e organización. Esta liña contará con axudas de entre o 15 e o 80 % –dependendo do tamaño da empresa– ata un máximo dun millón de euros. A segunda liña está destinada a proxectos de innovación en produto e recibirá apoios do 80 % ata un máximo de 400.000 euros. Ademais, poderanse realizar pagamentos anticipados de ata o 75 % da axuda concedida. En ambas as liñas os proxectos teñen que agrupar entre dúas e seis empresas. No caso da primeira liña tamén pode



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

participar unha grande empresa sempre e cando exerza un efecto tractor no proxecto e cunha participación limitada.

Á hora de seleccionar os proxectos terase en conta, como criterios de valoración, a súa excelencia, a proposta de implantación e o potencial impacto tecnolóxico e socioeconómico.

Con este novo programa, a Xunta avanza tanto na consolidación dos Hubs de innovación dixital como instrumento para facilitar a transición dixital das pemes galegas, como na especialización do tecido produtivo galego, mellorando deste xeito a súa competitividade, o que reforzará a capacidade da economía galega para afrontar a recuperación a través da xeración de riqueza e emprego de calidade.

Conecta Hubs complementa as axudas da Xunta para impulsar os Hubs de innovación dixital, como os 200.000 euros que se achegaron para a posta en marcha de cada unha das dúas iniciativas seleccionadas –DIHGIGAL, no eido da transformación dixital da industria dirixida ás cadeas de valor da automoción, alimentación, naval, TIC, téxtil, pedra, forestal e aeronáutica; e DATAlife, para as cadeas de valor da biotecnoloxía, saúde, forestal, agroalimentación e mar-industria–; ou os 13M€ da convocatoria dos centros de fabricación avanzada, con que se apoiarán tres infraestruturas -a Cidade das TIC, o Polo loxístico, e o Centro biotecnolóxico- relacionados cos Hubs. Proximamente sumarse unha nova liña para o financiamento de proxectos de I+D en materias relacionadas coa covid-19.

O novo programa permite ademais dar un novo paso na Estratexia galega de Hubs de innovación dixital, ao impactar no sistema de innovación e favorecer o crecemento socioeconómico de Galicia, xa que supón continuar a evolución cara a un modelo produtivo baseado no coñecemento e na innovación; facer accesible a dixitalización a todas as pemes galegas; estimular a creación de emprego cualificado; incrementar o peso da actividade industrial sobre o PIB galego; facer de Galicia un destino atractivo para os investidores; concentrar e atraer talento, e situar Galicia nunha posición de vantaxe competitiva.



O CONSELLO DA XUNTA ACORDA IMPULSAR AS ÁREAS REXURBE, COA APROBACIÓN DAS DIRECTRICES DOS PLANS DE DINAMIZACIÓN E A CREACIÓN DOS CENTROS REXURBE

- *A Consellería de Medio Ambiente presenta as pautas que deben cumprir todos os departamentos da Xunta para completar o contido e tramitación dos plans de dinamización das áreas Rexurbe, que van máis alá das competencias en materia de vivenda*
- *Todos os programas e actuacións dos distintos departamentos da Xunta darán acceso preferente a aqueles proxectos que se impulsen no seo dunha Área Rexurbe*
- *Galicia é a primeira rexión en contar con centros Rexurbe, puntos ou oficinas de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da Área Rexurbe, atendidos por persoal especializado, co fin de que o tecido social e empresarial do concello poida beneficiarse das medidas de dinamización e reactivación económica e social*

O Consello da Xunta celebrado esta mañá acordou aprobar dous novos proxectos cos cales impulsar as actuacións e a dinamización das Área Rexurbe, unha figura creada ao abeiro da Lei de rehabilitación de Galicia na procura de recuperar os núcleos históricos de Galicia, como son as directrices para a tramitación dos plans de dinamización das áreas Rexurbe e os centros Rexurbe.

Cómpre sinalar que as áreas Rexurbe, así como os seus plans de dinamización, exceden as competencias propias de vivenda para estenderse e implicar todos os departamentos da Xunta. Esta transversalidade é inherente ás actuacións de recuperación das vilas e cidades, e incide en todos aqueles aspectos que poden potenciar o seu desenvolvemento como son o patrimonial, dotacional, fomento do emprego, do comercio e o impulso do emprendemento, a fixación de poboación, a instalación de redes, o apoio ao turismo e, en definitiva, todos aqueles que poidan darlle unha nova vida aos conxuntos históricos.

Dada esta natureza, considérase que as consellerías deben ter en conta nas súas actuacións a declaración dunha área Rexurbe e, polo tanto, debe adoptarse un acordo en que se definan as directrices que deben seguir as distintas consellerías na tramitación dos plans de dinamización das áreas Rexurbe.

Entre os termos propostos, destaca o feito de que as actuacións que se pretendan realizar nun ámbito declarado Área Rexurbe terán acceso preferente ao financiamento dos programas.

No momento en que o Consello da Xunta declare unha Área Rexurbe, as consellerías disporán dun mes para remitir ao Instituto Galego de Vivenda e Solo os programas e



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

actuacións do seu ámbito competencial que poden aplicarse no ámbito declarado; así como emitir un informe, logo de petición do IGVS, para pronunciarse sobre aspectos como a viabilidade técnica da proposta do plan de dinamización, financiamento das actuacións e unha proposta dos programas de actuación, que se poidan engadir ao plan, así como posibles modificacións ou alternativas que considere oportunas.

Un plan de dinamización é un instrumento de planificación que formula un programa plurianual referido á totalidade do ámbito, ou a algunhas das súas áreas, e que ten por obxectivo coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas a dinamizar e a rexenerar estes ámbitos, co impulso da recuperación da actividade económica, fomento da mellora da habitabilidade das vivendas e das condicións de vida das persoas residentes, así como a garantía da conservación dos valores patrimoniais do conxunto e dos seus elementos singulares.

Centros Rexurbe

Outro dos acordos adoptados no Consello da Xunta celebrado esta mañá foi a autorización da creación de Centros Rexurbe para habilitar unha xanela única de atención integrada e interdisciplinar que permita aos concellos dinamizar e reactivar as áreas Rexurbe.

Grazas á posta en marcha destas oficinas, Galicia promove unha ferramenta máis para converterse nun referente da recuperación dos núcleos históricos dos concellos galegos, máis alá da rehabilitación e conservación edificatoria, apostando pola súa revitalización económica e social.

Os centros Rexurbe son puntos de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da Área Rexurbe, atendidos por persoal especializado, co fin de que o tecido social e empresarial do concello poida beneficiarse das medidas de dinamización e reactivación económica e social.

O acordo autorizado esta mañá pretende fixar uns estándares mínimos relativos aos medios materiais e humanos, así como os criterios, requisitos e solvencia técnica que deben cumprir os centros de rexeneración urbana de interese autonómico (centros Rexurbe). Estes centros está ligados á declaración dun ámbito como Área Rexurbe, polo que tendo en conta que Galicia é a única comunidade que ten creada esta figura, é unha rexión pioneira e a primeira en poñer en marcha este tipo de oficinas/puntos de información e de asesoramento.

Establécense dous tipos de centros Rexurbe: tipo 1 e tipo 2. A diferenza principal entre as estas é o persoal; sendo necesarios 6 efectivos para considerarse de tipo 1, e 4 efectivos para o tipo 2. Sempre que se poña en marcha un centro Rexurbe será de tipo 2 e aos dous anos poderá cambiar de tipoloxía, deixando esta marxe temporal para asentarse.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Estes centros, ao igual que o inicio da declaración da Área Rexurbe e o plan de dinamización, estarán creados polos concellos e posteriormente asinarase un convenio entre a Administración local e o IGVS en que se recollan os obxectivos, o financiamento e o funcionamento destes centros. A Xunta, a través do IGVS, financiará os centros de rexeneración urbana de interese autonómico ata un 60 % dos gastos de persoal, que se complementarán cun 10 % dos gastos de oficina.

Actualmente en Galicia existen tres áreas Rexurbe declaradas: Mondoñedo (DOG núm. 38, do 26 de febreiro de 2020), A Coruña (DOG núm. 131, do 3 de xullo de 2020) e Ribadavia (DOG núm. 144, do 20 de xullo de 2020), que xa están a traballar nos seus plans de dinamización; para o cal contan cun modelo redactado pola Xunta, en colaboración co Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) e a Universidade de Santiago.

Para a Xunta de Galicia, a rehabilitación é un pilar importante da súa política. Nese sentido, elaborou a Lei 1/2019, do 22 abril, a primeira Lei de rehabilitación que existe na Comunidade Galega, que se aprobou no ano 2019. Esta lei impulsa a rehabilitación dos conxuntos históricos máis alá da perspectiva da edificación para acadar a verdadeira dinamización social e económica.



A XUNTA APROBA O PAGAMENTO DE 6 MILLÓNS DE EUROS AOS CONCELLOS PARA FINANCIAR O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EXTRAORDINARIO

- *Este servizo prestou 450.000 horas de atención a 3.500 persoas desde o mes de abril*

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao pagamento aos concellos galegos de 6 millóns de euros para financiar o servizo de axuda no fogar extraordinario que se prestou durante os últimos meses. Trátase dunha prestación que se puxo en marcha de xeito excepcional o pasado mes de abril, cando os centros de día se atopaban pechados.

O seu obxectivo era atender casos coma os das persoas maiores que quedaran temporalmente sen un centro de atención en funcionamento ou en circunstancias urxentes. Unha vez que os centros de día e os demais recursos están a funcionar con normalidade, este servizo extraordinario deixa paso ás horas que se conceden aos concellos de xeito ordinario, e nas que o Goberno galego inviste máis que nunca.

Desde a súa posta en marcha, no mes de abril, o servizo de axuda no fogar extraordinario prestou un total de 450.000 horas de atención a 3.500 beneficiarios de toda Galicia. Os usuarios non tiveron que pagar nin un só euro, pois a Xunta asumiu a totalidade do custo deste servizo.



O SERGAS PRESENTA A MAIOR OFERTA FEITA ATA AGORA EN GALICIA PARA PRAZAS DE FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA

- *Incrementábase nun total de 34 prazas sobre a oferta inicial de 2019*
- *Ofértase o 100 % das prazas acreditadas para medicina familiar e comunitaria, así como para pediatría e para especialidades relacionadas coa atención a pacientes COVID*
- *Nesta convocatoria incorpóranse prazas de recente creación como inmunoloxía na Coruña, reumatoloxía en Vigo e oncoloxía médica en Lugo entre outras*

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2020. O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, informou hoxe o Consello da Xunta sobre a oferta de prazas de formación sanitaria en Galicia 2020. Nesta convocatoria, o Servizo Galego de Saúde presenta a maior oferta feita ata o de agora na nosa comunidade, con 491 prazas, un 7,4 % máis que no ano 2019.

Este incremento supón un aumento de 34 prazas sobre a oferta inicial da anterior convocatoria. Cómpre recordar que a oferta inicial de prazas de formación sanitaria especializada en 2019 foi de 457 prazas en Galicia e tamén que, tras solicitar a Consellería de Sanidade ao Ministerio un aumento de prazas nas áreas máis deficitarias e nas relacionadas coa atención a pacientes covid, o número elevouse posteriormente ata as 472 prazas.

Na convocatoria de 2020 ofértanse o 100 % das prazas acreditadas de formación de médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria, cun incremento de 13 prazas sobre a oferta inicial pasada, ata alcanzar as 142, sendo o aumento máis significativo. Tamén se ofertan o 100 % das prazas acreditadas nas especialidades de pediatría e nas relacionadas coa atención a pacientes de covid-19, tales como medicina interna, microbioloxía, medicina intensiva e anestesioloxía e reanimación.

Tamén se incorporan a esta convocatoria prazas de recente acreditación como a de inmunoloxía na Coruña, que é a primeira praza desta especialidade acreditada en Galicia; unha praza de microbioloxía e parasitoloxía, e outra de reumatoloxía en Vigo; unha de cirurxía torácica en Santiago de Compostela, e unha praza de oncoloxía médica en Lugo.

A presente oferta de prazas para a convocatoria de probas selectivas de 2020, para o acceso no ano 2021, vai dirixida ás titulacións universitarias de grao/licenciatura e diplomatura correspondentes a Medicina, Farmacia, Enfermaría e Psicoloxía, así como a Química, Bioloxía e Física.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O Servizo Galego de Saúde financia o 100 % destas prazas con cargo aos seus orzamentos e ás cales destinarán en 2021 58,5 millóns de euros. Esta cantidade supón un incremento de 3,3 millóns de euros respecto ao orzamento inicial deste ano, o que representa un aumento do 6 %.

Desde o Sergas quérese subliñar a importancia que neste sistema ten o labor dos profesionais dos centros implicados na formación. Os xefes de estudo, os titores e os colaboradores docentes son fundamentais para poder levar a cabo esta actividade e manter á formación sanitaria especializada nos niveis de excelencia en que se atopa.





A ESTRATEXIA DE DINAMIZACIÓN DO SECTOR LÁCTEO GALEGO BUSCA AUMENTAR A PROFESIONALIZACIÓN DOS GANDEIROS E DAS INDUSTRIAS PARA CONSOLIDAR GALICIA NOS MERCADOS NACIONAL E INTERNACIONAL

- *O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre este plan estratéxico que recolle medidas ata 2025 e que foi consensuado co sector leiteiro en distintas mesas de traballo, baixo a coordinación da Fundación Juana de Vega*
- *No eido da produción e da industria, traballarase para que os gandeiros se formen en xestión empresarial e para orientar os apoios públicos á innovación e á dixitalización industrial, con vistas ao lanzamento de novos produtos que se adapten ás necesidades do mercado*
- *A maiores, un dos cinco eixes da Estratexia é o da formación e innovación, que prevé perfeccionar os centros formativos e investigadores na materia e unha rede de granxas piloto onde probar os beneficios das novas tecnoloxías*

A Estratexia de dinamización do sector lácteo galego busca incrementar a profesionalización dos gandeiros e das industrias para consolidar Galicia nos mercados nacional e internacional. O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre este plan estratéxico que recolle medidas nesta dirección ata o ano 2025, que foron consensuadas co sector leiteiro en distintas mesas de traballo baixo a coordinación da Fundación Juana de Vega.

Deste xeito, as accións orientadas a mellorar a formación e a innovación no sector lácteo galego destacan en boa parte do documento, artellado en cinco grandes eixes pensados para incidir na produción, na industria, nos mercados, na cadea de valor e propiamente na formación e innovación. Así, primeiramente no ámbito da produción, prevese perfeccionar a formación relacionada coa gandaría en todos os niveis educativos, incrementando as materias relacionadas coa xestión empresarial e co manexo das explotacións de vacún de leite. Para iso, adaptaranse os ciclos de FP das familias profesionais agrarias á realidade produtiva de Galicia e ofertaranse as modalidades de formación profesional dual para combinar o ensino no centro educativo coa aprendizaxe na propia granxa.

Do mesmo xeito, na valoración das solicitudes de axudas para a incorporación de mozos ao agro, establecerase un sistema que prime a formación universitaria e a formación profesional, valorarase a posta en marcha de accións formativas específicas en xestión empresarial para o sector lácteo por parte de escolas de negocios ou desenvolveranse no marco do PDR cursos de formación continua. Así mesmo, fomentarase o asesoramento integral e multidisciplinar das explotacións lácteas para dar resposta ás necesidades dos gandeiros habilitando, ao abeiro do PDR, un



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

programa ambicioso de formación e reciclaxe dos asesores que faga fincapé en materias transversais vinculadas á rendibilidade das explotacións leiteiras.

No tocante á industria, apostarase por mellorar a formación orientada ás empresas desenvolvendo da súa man cursos de especialización, reciclaxe ou formación continua, así como modalidades de FP dual para combinar o ensino no centro educativo con sesións na industria láctea e novos plans de estudos para mellorar a formación especializada na universidade.

Para impulsar a I+D+i e a profesionalización, reorientaranse os apoios públicos á innovación industrial e á dixitalización, fortalecendo as axudas para o lanzamento de novos produtos que proporcionen maior valor engadido ao leite producido en Galicia ao conectar coas novas demandas sociais relacionadas co benestar animal, o ambiente e a saúde. Tamén se traballará para incentivar a contratación de persoal altamente cualificado co fin de desenvolver liñas de I+D+i e de diminuír a pegada de carbono e avanzar na economía circular na industria láctea.

Xa propiamente no eixe da formación e innovación, a Estratexia de dinamización do sector lácteo galego prevé crear mecanismos e ferramentas que permitan aliar a investigación e a innovación coas necesidades do sector, cun marco formal de colaboración entre os centros de investigación, as universidades e os centros de formación. Co obxectivo de reforzar o ecosistema de formación e I+D+i, comezase por fortalecer as estruturas de formación, investigación e innovación para mellorar a capacidade dos centros galegos especializados no sector. Así mesmo, desenvolverase un plan de formación para o persoal dos centros de formación agroforestal e crease unha rede de granxas piloto que permita probar os beneficios das novas tecnoloxías e dos novos sistemas de xestión e de produción.

Máis aló do ámbito formativo, a Estratexia persegue mellorar a produción garantindo a continuidade das granxas con viabilidade, a través dun banco de explotacións que acolla as que non teñan remuda e establecendo un programa de preparación para a sucesión. Para apoiar a remuda xeracional, prevense incentivos fiscais e outras medidas de apoio financeiro. Canto á industria, a finalidade é aumentar a transformación do leite en Galicia apostando pola diversificación de produto e polo asentamento de novos operadores industriais en Galicia.

No relativo aos mercados, avógase por mellorar o posicionamento dos produtos lácteos galegos, ampliando o ámbito xeográfico de promoción da marca Galega 100 %, no marco de Galicia Calidade. Tamén se regulará o leite de pastoreo como elemento de diferenciación para abordar novos nichos de mercado. En relación coa cadea de valor, reforzaranse as relacións entre os distintos axentes implicados, impulsando o asociacionismo profesionalizado dos produtores como empresarios. Nesa liña, fomentase a entrada das cooperativas no capital de novos investimentos industriais



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

en Galicia para reforzar o seu papel como aglutinadoras da oferta do leite dos seus socios e promoverase que esas cooperativas se constitúan como organizacións de produtores profesionalizadas. Ademais, abordarase un sistema de estudo de custos de produción do leite en Galicia, habilitando unha app para que o gandeiro poida calcular os seus gastos e facer estudos comparativos con respecto ao sector.



A XUNTA NOMEA NOVOS PRESIDENTES NAS AUTORIDADES PORTUARIAS DA CORUÑA, VIGO, VILAGARCÍA DE AROUSA E FERROL-SAN CIBRAO

- *Martín Fernández Prado substituirá a Enrique Losada á fronte da Autoridade Portuaria da Coruña mentres que Jesús Vázquez Almuíña ocupará o lugar de Enrique López Veiga na de Vigo*
- *A Autoridade Portuaria de Vilagarcía terá como novo presidente a José Manuel Cores Tourís, cargo que actualmente desempeña Sagrario Franco, mentres que José Manuel Vilariño cederá a Presidencia da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao a Indalecio Seijo*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Mar en que se propón o nomeamento de novos presidentes nas autoridades portuarias da Coruña, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Ferrol-San Cibrao. Trátase dunha designación que se produce froito da potestade que a normativa lle outorga neste ámbito ao departamento autonómico con competencias en materia portuaria.

O novo presidente da Autoridade Portuaria da Coruña será Martín Fernández Prado, que substituirá no cargo a Enrique Losada. Martín Fernández Prado, nado en Lugo en 1966, é doutor en Arquitectura, concelleiro no Concello da Coruña e deputado e presidente da Comisión Cuarta de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia. Anteriormente ocupou distintos cargos no eido institucional.

No caso da Autoridade Portuaria de Vigo, o seu novo presidente será Jesús Vazquez Almuíña, que ocupará o lugar de Enrique López Veiga. Jesús Vázquez Almuíña, nado en Baiona en 1962, é licenciado en Medicina e Cirurxía Xeral e especialista en Medicina Familiar e Comunitaria, así como deputado e presidente da Comisión Segunda de Infraestruturas e Medio Ambiente do Parlamento de Galicia. Entre 2015 e 2020 foi concelleiro de Sanidade no Executivo galego.

O novo presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa será José Manuel Cores Tourís, que asumirá o posto en lugar de Sagrario Franco Malvar. José Manuel Cores Tourís, nado en Cambados en 1958, ocupou distintos postos institucionais desde 1987 e actualmente é deputado do Parlamento de Galicia. Foi delegado territorial da Xunta en Pontevedra entre os anos 2009 e 2020.

En canto á Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, o seu novo presidente será Indalecio Seijo Jordán, que substituirá no cargo a José Manuel Vilariño Anca. Indalecio Seijo, nado en Ferrol en 1963, é oficial da Armada desde o ano 1987 e enxeñeiro naval desde 1997. Na actualidade exerce de capitán de navío e de subdirector do Canal de Experiencias Hidrodinámicas do Pardo en Madrid.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Estes cambios sairán publicados nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* e posteriormente no *Boletín Oficial del Estado (BOE)* e faranse efectivos o día seguinte ao da súa publicación no *BOE*.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"